



Meavía, A Estrada e outros topónimos viarios xacobeos de Tabeirós-Terra de Montes

Fernando Cabeza Quiles

fecabezaquiles@edu.xunta.es

Resumo. Abordamos o estudo e a explicación do topónimo forcaricense Meavía e outros apelativos viarios, incluído o da Estrada, de Tabeirós-Terra de Montes; comarca prolífica nesta clase de nomes de lugar, debido á súa vantaxosa situación xeográfica, próxima á Santiago e de tránsito entre a Galicia interior e a litoral; circunstancia que propiciou a formación de importantes camiños antigos, os cales, á parte de crear unha toponimia específica, tamén determinaron a profesión dunha boa parte dos habitantes da zona, moitos deles dedicados aos labores da arriaría. Isto sen esquecermonos dos numerosos peregrinos que atravesaban estas terras e camiños cara á cidade de Santiago de Compostela.

Abstract. The article studies and explains a toponym of Forcarei, specifically Meavía, and other road names in which A Estrada is included. These names belong to the region known as Tabeirós-Terra de Montes, where these types of place names are very common because of the favourable geographic situation, near to Santiago de Compostela and passing through the Galician inland and coast. This factor brought about the formation of important ancient roads, and not only created a specific toponymy, but also made many people in the area to work as mule drivers. Besides, do not forget many pilgrims who walked across these lands and roads towards Santiago de Compostela.

O topónimo Meavía, que hoxe, por extensión, se refire á parroquia dese nome, debeu nacer na súa aldea chamada A Rúa, orixinariamente alias Meavía, lugar no que o imaxinario popular debeu establecer a *mediavia* ou *media via*, base do actual Meavía, en alusión ao punto medio ou intermedio, entre outros dous puntos equidistantes, un ao comezo e o outro ao remate, dunha importante vía antiga, probablemente romana, logo reutilizada e reaproveitada nalgún dos seus tramos e neste lugar polo Camiño Breeiro.

A expresión latina *mediavia* sinalaría, pois, a metade, o centro ou o punto intermedio do percorrido dun antigo camiño entre dous lugares, nunha idea significativa similar á que recolleu nesta zona o escritor estradense X. M. Martínez Oca con relación ao lugar, así mesmo forcaricense, chamado A Mámoa da parroquia de Castrelo, sobre o cal o folclore popular sinala: “Aquí na Mámoa era o centro”,

cóntanos [un veciño do lugar a Martínez Oca]. E como tratemos de que nos aclare a que centro se refire, explica que dicían os vellos que alí era a metade do camiño [outra *mediavia*], tanto para os que ían de Lugo para Vigo [posible alusión ao trazado reaproveitado (neste punto tamén polo Camiño Breeiro) da devandita e posible vía romana], como para os que levaban viño do Ribeiro ata Compostela” (Martínez Oca, 2000: 150), en clara alusión, agora, ao Camiño Breeiro, o cal, segundo Elisa Ferreira Priegue, á que segue Francisco Rozados, entraba na Terra de Montes pola aldea presqueirense, pertencente ao concello de Forcarei, de Alfonsín, para seguir, entre outros, polos citados lugares da Mámoa, na parroquia de Castrelo, e A Rúa, na de Meavía (Ferreira Priegue, 1988: 111) e (Rozados, 2010: 162-163).

O feito de que a crenza popular, pulsada por Martínez Oca, sinale, como indicamos antes, o centro, a metade ou o punto intermedio do Camiño Breeiro no devandito lugar da Mámoa, non invalida que no lugar chamado A Rúa, alias Mediavía, houbera outra *mediavia* do mesmo camiño, referida a outra das súas etapas ou treitos; intermedio ou metade do percorrido do camiño situado, neste caso, entre a cidade de Santiago, remate deste, e algún lugar do concello ourensán de Avión, que pode ser a actual aldea de Camposancos, da parroquia de Nieva, mentres que a *mediavia* ou metade do Camiño Breeiro que a tradición oral sitúa no lugar da Mámoa estaría entre a cidade de Santiago e a vila de Ribadavia, un dos seus comezos.

Se a expresión latina *mediavia* deu en Galicia, ao desaparecer o seu *-d-* entre vogais, o topónimo forcaricense Mediavía, en dominios lingüísticos do castelán, onde non se perdeu ese fonema, tería que dar Mediavía, topónimo que tamén pode conservar o seu *-d-* intervocálico pola súa modernidade. Caso do topónimo Mediavía da localidade cántabra de Somahoz, que no seu día debeu ser causado por un marco ou mollón (liguario na fala local) recentemente reubicado no lugar, chamado o Liguario de la Mediavía, o cal, despois, por elipse da palabra *liguario*, debeu dar o topónimo Mediavía. Este mollón ou liguario amosa a inscrición, perfectamente visible: “A Santander siete leguas”, que sinalaba a distancia en leguas que faltaba para chegar á capital cántabra a través dun Camiño Real, construído no ano 1753. Marcaba, pois, o citado mollón o punto inter-

medio ou a metade do traxecto ou etapa final –de 14 leguas de percorrido– do citado camiño, que remataba na cidade santanderina.

O topónimo Mediavía, que é Meavía en galego, vólvese repetir como nome dun barrio da localidade así mesmo cántabra de Ubiarco e como apelativo comercial dun restaurante (que

o recibirá do lugar onde se atopa), situado xunto á rúa chamada Prado de San Roque (haxiónimo claramente xacobeo) da cidade de Santander, sinalando talvez este Mediavía a metade dunha etapa do Camiño (de peregrinos) do Norte ou doutro camiño que coincidira con aquel neste punto.

Noutras ocasións, no canto do topónimo Mediavía ou Media Vía, atopamos o de Media Legua, que antes debeu ser *EL Mojón de la Media Legua, como o de Mediavía puido ser *El Mojón de la Mediavía (ou de la Media Vía), e en Galicia, caso do topónimo forcaricense Meavía, *O Mollón, *O Marco ou, se a vía antecesora do Camiño Breiro fose de época romana, o *Miliario, hoxe *Milleiro, (da) Meavía, e despois, por elipse ou desaparición da palabra *milleiro* e da contracción *da*, Meavía.

Así, fóra de Galicia, atopamos, entre outros lugares, o microtopónimo El Mojón de la Media Legua, o cal, sinalando a metade ou o punto intermedio dunha legua, fai referencia a un mollón, hoxe reubicado na antiga estrada de Gijón a Oviedo; marco viario de pedra que neste caso concreto tamén podería sinalar, é outra posibilidade, a distancia (media legua) para chegar á cidade ovetense.

Na cidade de Madrid, na actual zona de Moratalaz, existe unha rúa chamada así mesmo Media Legua, topónimo hoxe urbano que terá o mesmo pasado e significado que os seus homónimos.

Parente galego de El Mojón de la Media Legua asturiano, de La Media Legua madrileño e doutros topónimos peninsulares iguais, é o nome de lugar, hoxe desaparecido, pero aínda vivo no tempo do



Os topónimos Meavía e A Rúa, moi próximos entre si, deben referirse ao mesmo detalle viario.

Padre Sarmiento, O Muíño da Media Legua, antigamente situado no Camiño (de peregrinos) Portugués, entre a cidade de Pontevedra e a poboación de Caldas de Reis. Este topónimo sinalaba e referíase á metade ou punto intermedio da primeira legua da devandita etapa ou traxecto Pontevedra-Caldas de Reis, medida a partir da cidade pontevedresa. A este respecto o P. Sarmiento escribe:

“desde la villa [refírese á antiga vila de Pontevedra, despois convertida en cidade; a Boa Vila que dá de beber a quen pasa da tradición oral] a lo alto de la *Portela* hay una legua descomunal que dio lugar al adagio: *legua por legua, San Amaro da Portela*. Esta legua tan larga se divide en un *molino* y por eso le llaman hoy o *Moiño da media legua*. Esta legua y en especial hasta o *Moiño* es muy amena, y con diferentes caserías y salen a ese camino los lugares *Lérez, Alba, Campaño* [sic], *Curro, Zerponzons* [a actual parroquia pontevedresa de Cerponzóns], cinco parroquias. Es regla que la *primera legua* que sale de los lugares populosos [neste caso a poboación de Pontevedra] siempre es muy larga, porque no se cuentan los salidos [é dicir, antes do comezo da legua propiamente dita xa se percorreu camiño]” (P. Sarmiento, 1970: 358).

Volvendo á parroquia forcaricense de Meavía, o dobrete de topónimos viarios Meavía e A Rúa, que hoxe dan nome, respectivamente, a toda a parroquia e a un dos seus lugares, pero que nun principio debéron ser dúas denominacións distintas referidas ao devandita metade ou intermedio viario, que estaría situado na aldea da Rúa, repítese noutro antigo e frecuentado camiño galego. Referímonos á parroquia chamada Trasestrada do Camiño do Sudeste, no concello ourensán de Riós, freguesía que ten un lugar chamado Trasverea, creándose así o dobrete de topónimos viarios Trasestrada/Trasverea, o cal, como o par igualmente viario Meavía/A Rúa, se refire con dous nomes diferentes ao mesmo detalle, neste caso á estrada ou vereia do citado Camiño do Sudeste neste punto, estando a parroquia de Trasestrada co seu lugar de Trasverea situada tras, detrás ou despois (un pouco ao norte) da vereia, estrada ou camiño en cuestión. Nótese, a este respecto, a equiparación das voces *estrada* e *verea* referidas a un mesmo tipo de camiño, que pon de manifesto a diferenza entre unha (*via*) *strata* de época romana, perfecta e expresamente estrada de pedra, e unha menos antiga estrada ou vereia do medio rural galego, seguramente estrada de toxo, tipo de vía á cal, como logo veremos, debe aludir —á parte do Camiño do Sudeste na parroquia de Trasestrada alias Trasverea— o

topónimo A Estrada, referido á vila (aldea no momento da creación do seu topónimo) pontevedresa dese nome.

Voltando ao topónimo forcaricense Meavía, procedente de *mediavia*, o adxectivo *media* da súa primeira parte aparece en segundo termo, máis o sufixo *-ana*, no topónimo, repetido na Galicia costeira ou occidental,

Vilameán, que se converte en Vilameá na central e oriental. Ambos os dous, Vilameán e Vilameá, proceden, xa que logo, dun antigo *villamediana*, igual a vila ou aldea do medio, en alusión a un pequeno lugar poboado situado entre outros dous referentes, que adoitan ser outras dúas aldeas (Cabeza Quiles, 2000: 284 e 304).

Vemos, pois, que a colocación do adxectivo *medio/a*, segundo vaia ao principio ou ao final do topónimo, é determinante á hora de concretar e matizar o seu significado. Así, cando a voz *media* vai ao principio, caso de Meavía, alude á metade ou punto medio ou intermedio dunha antiga vía ou camiño, mentres que, se *media* vai ao final, caso dos devanditos Vilameán e Vilameá, se refire (neste caso non a unha *vía*) a unha *villa* ou aldea situada entre ou no medio doutras dúas, o que tamén se cumpre con respecto aos topónimos asturianos Villamiana (en galego Vilameán ou Vilameá) e Mediavilla (que en galego sería Meavila). A este respecto o autor asturiano Xosé Lluís García Arias escribe: “Villamiana (Uv) [...] podría entenderse como la VILLAM que es MEDIANAM (EM), esto es, situada entre otras dos, a diferencia de Mediavilla (Rd, Lln) donde seguramente *antecede el adjetivo* [o subliñado é noso] para aludir a ‘la mitad’ o quizá a la ‘zona media de la villa’” (García Arias, 2005: 820), como sucede con relación ao topónimo Meavía, neste caso “a metade ou a zona media ou intermedia da vía ou do camiño”.

No Camiño Breeiro, outro topónimo viario que sinala o seu antigo trazado é, á parte dos de Meavía e A Rúa (que, como indicamos antes, deberon aludir nun principio a un mesmo detalle e empra-



Os topónimos A Rúa e Meavía, moi próximos entre si, deben referirse ao mesmo detalle viario.



Entrada ao lugar chamado O Vieiro co posible trazado do camiño antigo balizado por un muro.



O posible camiño antigo ao que fai alusión o topónimo O Vieiro co seu piso actual.

mento), o do Vieiro, aldea da devandita parroquia de Castrelo, que sinala a antiga presenza no lugar dun *vieiro* ou camiño estreito, seguramente o Camiño Breeiro neste punto, despois de que, co paso dos anos, este camiño, infravalorado e esquecido por falta de uso, perde importancia, facéndose máis estreito ao ser comesto pola vexetación, sufrir derrubes nas súas beiras, apropiacións de particulares, etc. Circunstancias que irían reducindo a súa anchura nun proceso similar e comparable ao que puido acontecer con relación ao topónimo, así mesmo viario, A Viela, claro diminutivo da palabra latina *via(m)*, “camiño, vía”, nome dun emprazamento da parroquia de Santiago de Coedo, do concello

ourensán de Allariz, cuxo topónimo sinala o antigo paso por este lugar do Camiño do Sudeste (Cabeza Quiles, *A toponimia e a haxionimia...*).

Outro nome de lugar, situado neste caso no Camiño Inglés de peregrinos que, como os de Meavía, O Vieiro e A Viela, tamén provén da voz *via(m)*, é o de Viadeiro, situado na parroquia de Santa María de Castro, do concello coruñés de Miño.

De regreso á toponimia viaria do concello de Forcarei, e outra vez na súa parroquia de Castrelo, documentamos o microtopónimo A Fonte dos Arrieiros, que sinala e fai a acordanza dunha fonte frecuentada noutrora polos arrieiros do Camiño Breeiro, manancial do que hoxe se serven as casas do contiguo lugar da Mámoa, aldea onde paraban moitos arrieiros en casas particulares, nas cales, segundo nos comentou unha amable comunicante do lugar, había uns *descargha-*

deiros onde os traficantes ambulantes do viño pousaban os seus “pelexos”.

Outro topónimo viario deste camiño, situado antes de chegarmos ao Vieiro, se vimos do sur, é o de Lamaferada, emprazamento situado no límite entre os concellos de Cerdedo e Forcarei antes de subir á Torre da Barciela, que leva o mesmo adxectivo, *ferrada*, có topónimo berciano

Ponferrada. Así, se este se refire a unha antiga *ponte ferrada* ou ponte ferrada no sentido de ter algúns dos seus elementos (o piso, as varandas, etc., non a ponte completa), de ferro, o de Lamaferada pode aludir a un lugar encharcado ou lama do camiño, que para poder ser atravesada precisaría ser ferrada con algún paso ou pasarela dese metal ou cun *agger*; rampla ou elevación artificial de terra compactada así chamada do tempo dos romanos, que puido ter as cuñas das súas bases de ferro, en contacto coa lama; de aí a aparición do nome Lamaferada. A este respecto este singular topónimo é comentado pola profesora Ferreira Priegue nos seguintes termos: “subiendo [o Camiño Breiro dende a ponte de Parada sobre o río Lérez, no concello de Cerdedo] por Lama Ferrada –topónimo que indica un posible ‘agger’ sobre una zona encharcada– [...]” (Ferreira Priegue, 1988: 111); *agger*(es) que se construían nas calzadas romanas que atravesaban lugares encharcados para elevalas do chan, consistentes nos devanditas ramplas ou montículos de terra compactada á maneira de túmulos, polo que un topónimo viario comparable ao de Lamaferada, no sentido que nós lle damos, parécenos A Rampla (Cabeza Quiles, *A toponimia e a haxionimia...*), microtopónimo situado á entrada da aldea de Vilariño das Poldras, sobre o Camiño do Sudeste, no concello ourensán de Sandiás, que se pode referir, efectivamente, a unha rampla ou elevación artificial similar (pero sen ter as cuñas da súa base de ferro) á que puido haber na paraxe de Lamaferada, a cal, á súa vez, sería tamén parecida aos lombos artificiais que hai anos aínda se podían ver preto do devandito lugar de



O lugar chamado A Mâmoa era moi frecuentado polos arrieiros do Camiño Breiro.



No fondo desta baixeira está o lugar chamado Lamaferada.

Vilariño das Poldras, na calzada romana número 18 ou *Via Nova* do *Itinerario de Antonino*, ao seu paso pola hoxe desecada Lagoa de Antela. Lombos así mesmo feitos para erguer a vía e evitar así o terreo chan, lamacento e encharcado do lugar. Lembremos a este respecto o topónimo, contiguo ao da Rampla, As Poldras –segunda parte do devandito

Vilariño das Poldras– que se refire, no canto de a *agger(es)*, ramplas ou lombas artificiais de terra, a *poldras*, isto é, a pasos de pedra para atravesar ríos ou zonas encharcadas, polo que constatamos que os topónimos viarios A Rampla e As Poldras, moi próximos entre si, foron causados polo mesmo obstáculo, a saber, os terreos encharcados e lamacentos da desaparecida Lagoa de Antela, que dificultaban o paso da devandita *Via Nova*.

Como indicamos antes, un pouco despois do lugar despoboado de Lamaferada, indo cara ao norte, atopámonos, na parroquia forcariense de Castrelo, coa Torre da Barciela, a cal, situada na beira dereita do Camiño Breiro, puido ser nas súas orixes, tal como suxire E. Ferreira Priegue, una especie de *ascultatorium* ou atalaia para vixiar o camiño: “Santa Marina de Castrelo, donde se conserva una atalaya medieval [a citada torre e/ou o seu estratéxico emprazamento] que vigilaba los accesos a la zona” (Ferreira Priegue, 1988: 111).

Se dende A Torre da Barciela nos trasladamos, cara ao norte, polos lugares do antigo Camiño Breiro chamados O Vieiro, Liñares, A Mámoa, Cima da Costa, As Baiucas e Quintillán, chegamos ata a devandita A Rúa de Meavía. Nesta parroquia atópase, un pouco ao sur da aldea da Rúa, río Umia polo medio, o lugar e a capela, hoxe en ruínas, de Santo Amaro, a carón da cal albiscamos o trazado dun camiño antigo que pose ser o Camiño Breiro. Sobre o templo de santo Amaro, digno de maior sorte, dicir que puido ser construído sobre outro máis antigo da mesma advocación, a cal, ao ser clara e inequivocamente xacobeá, constitúe unha proba (xunto

con outros haxiónimos forcaricenses e estradenses, como os da Madalena e Santa Lucía) do dobre carácter do antigo Camiño Breeiro (e doutros próximos e confluentes) de vía non só comercial, senón tamén de peregrinación coa devoción e a meta posta na cidade de Santiago de Compostela. Así, outros Santos Amaros situados en camiños de peregrinos, que lle dan ao de Meavía a súa indubidable condición de advocación xacobeá son, no Camiño Francés, o coñecido San Amaro venerado na ermida de San Amaro Peregrino da cidade de Burgos. Na prolongación do Camiño Francés a Muxía e Fisterra, na capela de san Mauro, conectada ao Pazo do Cotón da vila de Negreira, vénérase unha imaxe moi antiga de santo Amaro e outra de santa Lucía. No Camiño Portugués e preto do devandito e desaparecido lugar do Muíño da Media Legua atópase a ermida e o lugar de San Amaro, pertencente á pa-

rroquia de San Mamede da Portela, no concello pontevedrés de Barro. Deste lugar di o P. Sarmiento no século XVIII o seguinte: “El adagio gallego *Legua por legua San Amaro da Portela*, alude a que, desde Pontevedra tirando al norte y camino de Santiago, hay una legua desaforada de larga [a devandita legua a cuxa metade ou punto intermedio facía referencia o Muíño da Media Legua] hasta llegar a



A fermosa Torre da Barciela balizaba e vixiaba o antigo Camiño Breeiro.



Fonte, hoxe seca, situada a carón da torre da Barciela, na beira dereita do Camiño Breeiro.



Ao chegarmos á capela de Santo Amaro a combinación da luz do sol en contraste coa zona de sombra formaba unha diagonal perfecta.

San Amaro da Portela [...] Fundose allí una ermita a *San Mauro* o *San Amaro* [vese que a confusión entre estes dous santos é antiga]; y por estar allí una como *portilla* o *portela*, que hacen dos montezuelos, se llama hoy *San* Volvendo a terras de Forcarei e ao seu Camiño Breeiro, este, despois do seu San Amaro, nome de lugar, ermida e ponte sobre o río Umia, continuaba en dirección norte cara a Santiago e “logo iría ó lugar de Cruceiro [moitos cruceiros balizaban os antigos camiños, especialmente os de peregrinos]. En terras da Estrada transcorrería polos lugares de Parde-marín, Olives, [topónimo procedente de ourives, de aí, quizais, a

presenza, que estudamos e comentamos na Miscelánea núm. 13, dun antigo taller de *olives* ou ourives neste lugar, que puido estar especializado en ourivería xacobeá], Curantes, Ancorados e Riobó, ata a súa chegada á Ponte de Sarandón” (Rozados, 2010: 163).

No concello da Estrada tamén é digno de estudar e divulgar, tal como fixemos nun traballo anterior, o antigo camiño xacobeo que, procedente do norte de Portugal, se dirixía a Santiago pasando “pola localidade pontevedresa da Cañiza [en realidade A Caniza], continúa e/ou continuaba por Petán ata Prado e alí, seguindo un antigo camiño real, atravesaba a zona do Suído, onde [solapándose co Camiño Breeiro] xa collía dirección a Santiago, pasando pola(s) parroquia(s) [San Miguel e Santa Mariña] de Presqueiras [seguramente outro topónimo viario do Camiño Breeiro, pois se repite, coa súa forma en singular, Presqueira, sobre o antigo trazado da devandita *Via Nova*], O Cachafeiro [o outro ramal, moito máis sinalado pola toponimia, transcorrería, formando parte do devandito Camiño Breeiro, un

pouco cara ao oeste polos citados lugares de Lama Ferrada, Viveiro e A Mámoa], Forcarei [onde deixaba de coincidir co Breeiro] e Codeseda [...] para continuar polas parroquias de Nigoi, Santiago de Tabeirós, a actual vila da Estrada e as parroquias de Toedo, San Salvador de Valoira e de Santa Cristina de Veá, saíndo este antigo camiño de peregrinos do concello estra-



A rentes da capela de Santo Amaro pasa este camiño, hoxe comesto e disimulado pola herba, que ben pode ser o antigo Camiño Breeiro.

dense pola antiga ponte de Ponte Veá [outra ponte sobranceira, xunto coa devandita Ponte de Sarandón, que enlazaba os antigos camiños procedentes da Terra de Montes, Tabeirós, etc., coa cidade de Santiago de Compostela]” (Cabeza Quiles, 2011: 200).

Este camiño, que confluía, pois, na citada Serra do Suído co Camiño Breeiro que viña de Ribadavia, deixaba de coincidir con el na parroquia de Forcarei, na zona da Baiuca, outro topónimo viario, referido a unha antiga baiuca ou taberna do camiño moi probablemente frecuentada polos arrieiros. Na Baiuca, o camiño xa bifurcado (o Camiño Breeiro seguía dirección norte polas parroquias de Quintillán, Meavía, Olives, etc.) tomaría rumbo oeste cara á devandita localidade estradense de Codeseda, para pasar, despois, cara a Santiago, pola capital municipal, A Estrada, outro topónimo viario que, como estudamos noutra ocasión (Cabeza Quiles, 2001: 11-21), debe de aludir a un camiño, verea ou estrada non necesariamente estrada de pedra á maneira das antigas (*vias*) *stratas* de época romana. Así, tal como tamén comentamos antes, con relación aos topónimos Tras-estrada e Tras-verea, que se referiren a un mesmo tipo de camiño cos nomes de *estrada* e *verea*, a aparición do nome de lugar A Estrada da provincia de Pontevedra, que, pola súa modernidade, non está documentado, nin o pode estar, coa forma latina “*Strata*”, é demasiado serodia para que este topónimo proceda do sintagma (*via*) *strata*, participio do verbo latino *sternere*, “espallar, botar pedra por riba do chan, empedrar”, polo que propoñiamos e propoñemos,



O topónimo viario A Estrada parece aludir a un camiño, vereas ou estrada non necesariamente estrada de pedra, como si o estaban as (*vías*) *stratas* do tempo dos romanos.

para explicar este e outros topónimos A Estrada/Estrada, o participio *estrada* (e non *strata*) do verbo popular galego *estrar*, “botar estrume (preferentemente toxo) nas vereas e demais camiños rurais para facilitar o tránsito cando están encharcados en tempo de outono e inverno, e para obter esterco”; e de aí o participio e substantivo *estrada*, igual a “conxunto ou capa de

estrume ou esquilmo coa que os nosos labradores estraban os camiños que daban ás súas vivendas e cortellos”; significado da voz *estrada* que é completado polo *Diccionario Enciclopédico* de Eladio Rodríguez da seguinte maneira: “estrado, estrada, p.p. de ESTRAR. // adj. y s. Conjunto o capa de ESTRUME o MOLIME con que nuestros labradores *estran* los caminos que dan frente a sus viviendas o las cuadras de los ganados; ESTRAVO.// Esta vieja costumbre de cubrir con broza, maleza o tojos [na Galicia occidental facíase, por razóns obvias, con esta planta] las vías rurales que pasan por delante de las casas aldeanas, facilita el tránsito por los parajes donde las lluvias invernales se estancan o las aguas se detienen y tiende, además, a formar estiércol para abono de las tierras, para lo cual también extienden capas de tojos o malezas en los corrales de sus viviendas y en las cuadras de sus ganados. Según el escritor gallego Alfredo García Ramos, este sistema de utilizar en beneficio propio una porción de terreno de tránsito público vino a establecer sobre la vía comunal una servidumbre particular que está [obviamente estaba] en uso en toda Galicia, con el consentimiento tácito de los vecinos, ya que a todos los favorece y beneficia” (Rodríguez González, 1980, t. 2, voz *estrado/da*: 302). Dereito consuetudinario que despois se limitaría ás partes dos camiños que atravesaban zonas rurais con entidades de poboación moi pequenas, caso da Estrada, deixándose de practicar cando as vías pasaban polas cidades, pois, tal como tamén recolleemos do citado Eladio Rodríguez: “antiguamente se

estrumbaban [ou *estraban* con *estrume*] también [á parte das rúas das aldeas do medio rural] las calles de algunas ciudades gallegas; y como esto era peligroso para la salud pública, las ordenaciones de Orense de 1509 han prohibido que desde el primero de cada mes de diciembre ‘se lanzaran *estrumes* en las rúas’” (Rodríguez González, 1980, t. 2, voz *estrumar*: 309); prohibición que non existiría no daquela pequeno lugar, situado entre as aldeas de Figueiroa e Ouzande, chamado A Estrada, que se pode referir a unha “estrada de toxo”, das moitas que houbo no medio rural galego. Así, o vello profesor Basilio Losada aínda rememoraba no ano 2001 as vellas canellas da súa Láncara infantil cubertas ou estradas de toxos chamadas *estradas* (Basilio Losada, 2001, *Encontros de narrativa...*), mentres que en 2013, ano de graza no que nos encontramos, unhas señoras que aparentan en pantalla ter oitenta e/ou máis anos de idade recordan, no programa da Televisión Galega *Grandes Lugares*, como na contorna da súa parroquia de Aiazo, do concello coruñés de Frades, non existían “carreteras” [sic], pois só había corredoiras e *estradas de toxo* [o subliñado é noso]” (*Grandes Lugares*, 2013, programa da TVG); noticia pola que albiscamos que, esquecida a *strata* ou (*via*) *strata* co piso de pedra dos afastados tempos romanos, o vocábulo *strata* que a definía debeu ser suplantado polo de *estrada*, vocábulo tamén viario, mais de contido significativo distinto. Esta nosa opinión parece ser corroborada, aínda que de maneira non moi explícita, pola profesora Elisa Ferreira Priegue, quen, sen referirse ao topónimo concreto A Estrada da antiga Terra de Tabeirós, escribe: “Es término [*estrada*] que en el siglo III d. C empieza a desbancar a *via strata* [o cambio puido ser un pouco máis tardío], es decir vía afirmada con *stratumen* [con pedra]. En gallego medieval [cremos que máis ben tardo medieval] se usa ya el término *estrada* [e non o de *strata* ou *via strata*]. Según Otero Pedrayo, en gallego moderno se refiere [o termo *estrada*] específicamente a la carretera asfaltada [abofé], y esto sucede, efectivamente, en la lengua hablada; pero otra cosa es su aparición en la toponimia. En primer lugar, como he indicado más arriba, las carreteras son demasiados recientes para crear este tipo de nombre [refírese ao topónimo A Estrada/Estrada, aínda que, como logo veremos, xa empezan a aparecer, por exemplo no concello coruñés de Car-

ballo, topónimos do tipo Xoane da Estrada, situados sobre estradas modernas de dobre dirección e asfaltadas]; pero además, y sobre todo, no aparece [o topónimo A Estrada/Estrada] sobre el trazado de estas carreteras [as modernas e asfaltadas], sino sobre caminos rurales [abofé]” (Ferreira Priegue, 1988: 27-28); casuística facilmente verificable que debeu ser a que creou o topónimo A Estrada que nos ocupa, o cal, como sucedería noutros lugares galegos así chamados, máis ca referirse a antigas *stratas* romanas total e organizadamente empedradas ou estradas só con pedra, debe aludir a camiños ou vereas máis ou menos antigos do medio rural con entidade e tránsito dabondo, pero non estradas totalmente de pedra, senón máis ben cubertas con terra prensada e, no tempo de inverno, ao seu paso polos pequenos núcleos poboados e lamacentos, estradas (do verbo galego *estrar*) con estrume -na zona occidental de toxo-, que logo, co paso continuado de carros, cabalerías e viandantes, se convertía en esterco, aproveitado polos naturais deses lugares. Práctica que a documentación do século XVIII rexistra mesmo con relación a camiños e vías importantes, caso do antigo Camiño Real de Castela a Santiago, na provincia de Ourense, que coincide basicamente co Camiño do Sudeste e que é a prolongación galega da Vía da Prata, o cal, segundo unha proba escrita do ano 1799, debida ao Conde de Guzmán, naquela altura viaxeiro deste camiño, tiña, ao seu paso polo lugar da Vilavella do concello da Mezquita: “*esterco nas rúas* [as capas de estrume xa podrecidas], *pousada e ferrador*” (Barriocanal López, 2011: 99).

No mesmo camiño, un pouco despois, en dirección a Santiago, na parroquia de San Pedro do Pereiro do mesmo concello, o anterior viaxeiro escribe: “*Pobos de Pereiro e Cañizo, camiños lameirentos, estrume pol-as rúas, n’outono ístranas* [do devandito verbo galego *estrar*] *con ponlas, e urces* [o estrume, que era de toxo nas zonas costeiras e de altitude media]” (Barriocanal López, 2011: 103).

Máis adiante este antigo Camiño Real de Castela a Santiago chegaba á Gudiña: “Pueblo itinerario, de tipo antiguo, con sus mesones ya importantes en el s. XVIII y caserío de fuerte y sólida construcción, aunque carezca de monumentalidad” (Risco, V., 1980: 810). Sorprende, porén, o descoido do camiño ao seu paso pola vila, pois existía o costume, que perdurou nalgúns lugares ata mediados do

século pasado, das estrumeiras, consistente en estrar [outra vez o verbo galego *estrar*, moi posterior á locución latina *via strata*] coas rozas do monte [os estrumes], rúas e camiños. Así describe esta práctica Lorenzo Gosende [outro viaxeiro] en 1746: “*desde la entrada hasta la salida* [refírese á toda a travesía da vila da Gudiña] *tiene doscientas cincuenta brazas de calzada* [no canto de a unha *calzada* de pedra propiamente dita, o autor debeu querer referirse a un camiño ou a unha *calle* de terra], *no se puede andar por él* [polo devandito camiño terreño] *de invierno, tienen hechos hoyos en la calle* [non na calzada] *para hacer estiércol y en llenándole de agua llega a las cinchas a las caballerías*`. Tamén José Vidal [mestre de obras, que no ano 1747 fixo o recoñecemento deste camiño para ensanchalo e calzalo ou estralo con pedra] anota que toda a vila era intransitábel *´con muchas profundidades y hoyos en la calle* [e non na calzada], *los cuales están llenos de estiércol y lodazales llenos de agua, y en tiempo de aguas es dificultoso poder transitar las caballerías*” (Barriocanal López, 2011: 115).

Así mesmo con relación ao núcleo poboado da Gudiña, o devandito Conde de Guzmán, que tamén pasou por alí o 19 de outono de 1789 con chuvia e néboa, escribe: “*Gudiña* [sic, en realidade A Gudiña]: *ô pé d’un alto pequeno; bó lugar de 75 veciños, alcalde e Correxidor do Señorío da casa de Alba; duas riolas de casas que fan unha rúa longa con piso de esquimo* [isto é, unha *calle*, estrada ou vereia terreña entre dúas ringleiras de casas estrada con esquilmo ou estrume]” (Barriocanal López, 2011: 116).

Respecto á vila de Laza, por onde pasaba e pasa a chamada Vereia Vella, variante do citado Camiño Real de Castela a Santiago, alias Camiño do Sudeste, temos: “Ademais destes obstáculos [escaleiras feitas por particulares desde as súas casas lindeiras que ocupaban o camiño] a rúa estaba lamacentá, chea de auga por moitas partes e moi deteriorada polos carros, polo que cumpría elevala *´con buena calzada de piedra*” [escribe o devandito José Vidal no devandito recoñecemento do ano 1747]. Profundos desaugues atravesábana ao longo de tal xeito *´que por parte no hay por donde transitar*`, polo que era necesario cubrilos de lousas de pedra forte. Os fondos dos desaugues estaban cheos de esterco que o mestre [o citado José Vidal] mandaba sacar e lousar [o texto refírese ao desmantelamento dunha

estrada estrada con estrume convertido en esterco, que está sendo substituída por unha *calzada*, calzada con pedra] *‘y se priven de tal abuso [de estrar con estrume o camiño] en hacer estiércol en dhas calles’*” (Barriocanal López, 2011: 148); noticias textuais que matizan con moita exactitude, segundo pensamos, o significado das distintas vías antigas, antes da aparición do asfalto, emparellando as *stratas* ou (*vias*) *stratas* do tempo dos romanos coas *calceatas* do mesmo período histórico, logo chamadas, como as devanditas do século XVIII, *calzadas*; ambas as dúas, as *stratas* e as *calceatas* -logo *calzadas*-, estradas ou calzadas con pedra. Tipo de vías con piso de pedra completamente diferentes ás *estradas* (diferénciense das *stratas* romanas), *rúas*, *calles*, *camiños* ou *verreas* xeralmente terreñas e estradas con estrume. Costume que, á parte de se practicar nos citados emprazamentos do Camiño Real de Castela a Santiago e en moitos lugares galegos chamados A Estrada ou Estrada, tamén se fixo en Portugal. Así, con respecto á localidade lusa de Sobral Valado, do distrito de Coimbra, destacamos: “Há cinquenta anos, todos os arruamentos [rúas entre as casas do lugar] de Sobral Valado eram cobertos de mato que os habitantes iam roçar às encostas das serras circundantes [...]. Todas as ruas onde houvesse uma casa, havia uma estrumeira de mato á porta, porque os habitantes ao passarem, pisavam-no e com o tempo este mato apodrecia e servia para estrumar e fertilizar as terras [...]. Voltando aos arruamentos, a partir da década de 60, tudo se modificou e Sobral Valado, possui hoje os seus arruamentos todos calcetados [o devandito paso de *estrumeira* ou *estrada* de estrume ao de *calzada* de pedra]” (www.pampilhosaemimagens.com); cambio para ben, que na devandita localidade galega de Laza tivo lugar, felizmente, como vimos pola documentación, moito antes, no ano 1747.

De volta na localidade pontevedresa da Estrada, outro topónimo igual, e como tal relativamente moderno con respecto ás moito máis antigas *vias stratas* do tempo dos romanos, parece ser o da Estrada da cidade da Coruña, documentado no ano 1845 por Enrique de Vedía, cando historia o ataque do pirata escravista, corsario e vicealmirante inglés Francis Drake en 1589 á cidade herculina: “En tal estado, aguardaron [os ingleses] a que entrase la noche, y tentaron el último recurso, que era incendiar la ciudad; para esto, arrimaron con pre-

caución alguna gente a la espalda de las casas, que caían a la muralla por la Estrada” (Vedía, de, 1845, (edic. facsím.): 83). Emprazamento chamado A Estrada, aínda recordado polos máis vellos do lugar, que, situado na parte traseira do cuartel de Atocha, dá hoxe nome a unha rúa daquela parte da cidade, chamada O Campo da Estrada, en referencia a un campo ou terreo chan contiguo ao citado cuartel, onde antano se exercitaba a súa guarnición. Campo polo que pasaría un antigo camiño ou estrada; de aí o topónimo O Campo da Estrada, exactamente igual ao antigo O Campo da Estrada da actual

vila pontevedresa da Estrada; emprazamento, segundo explicamos noutra ocasión (Cabeza Quiles, 2011: 221), no que adoitaban descansar os peregrinos xacobeos ao abeiro da desaparecida capela do Espírito Santo, no entorno hoxe ocupado pola Praza da Farola, antes chamada, pois, O Campo da Estrada, e máis antigamente A Estrada, en alusión a unha estrada, (e non *strata*) vereá ou camiño, que se cruzaba con outras neste lugar, formando unha importante encrucillada, acaída para a celebración das primeiras feiras da localidade, moitas das cales se instalaban á beira e practicamente sobre as antigas estradas rurais situadas en lugares chans; circunstancia topográfica favorable que puido ser a causante de que a voz galega *estrada* apareza no diccionario de Carré, á parte de cos seus significados normais de vía ou camiño, coa atípica e chocante acepción de “terreno plano e inculto” (Carré Alvarellos, 1972: 470), a cal, talvez, sexa eclipse de “(camiño situado en) terreo plano”. Significado excepcional da palabra *estrada*, que entra en clara contradición con todos os



A zona chamada A Estrada da cidade da Coruña.



Tivemos moitas dificultades para retratar como é debido o cartel da rúa chamada O Campo da Estrada da cidade herculina.



O topónimo Xoane da Estrada do concello coruñés de Carballo é moi moderno.

demais dicionarios e compendios lexicais, que só ofrecen para esta voz as súas dúas equivalencias clásicas, a saber: a antiga de “camiño” -a que lle convén, segundo pensamos, á maioría dos lugares chamados Estrada/A Estrada galegos- e a máis recente de “vía ancha e asfaltada destinada á circulación de vehículos automóbiles”, significado que comeza a producir topónimos moi modernos, caso do devandito lugar, do concello coruñés de Carballo, chamado Xoane da Carretera, que recibe o seu nome por estar á beira dunha estrada moderna; topónimo recentemente normativizado na sinaléptica coa forma Xoane da Estrada, que é máis moderno que o da Estrada/Estrada da comarca de Tabeirós e outros da mesma forma, os cales, procedentes da voz galega *estrada* na súa acepción de vereda ou camiño, poden non ter nada que ver, á súa vez, con algún topónimo Estrada/A Estrada, moito máis antigo, que si podería vir, coa elipse ou desaparición da palabra *via*, do sintagma latino (*via*) *strata*, e retraerse, xa que logo, aos tempos da romanización de Galicia. Teríamos así tres tipos diferentes, segundo a súa cronoloxía, do topónimo A Estrada/Estrada, a saber: algún Estrada/A Estrada do latín (*via*) *strata* ou empedrada. Os A Estrada/Estrada, caso da vila pontevedresa dese nome, procedentes da voz galega *estrada*, alusivo, no medio rural, a camiños ou vereas xeralmente terreños, non estrados de pedra e si con estrume nalgunhas das súas partes, similares ás *estradas de toxo* (o subliñado volve ser noso), que aínda recordan os habitantes máis vellos do citado concello coruñés de Frades. E, por último, topónimos do tipo do devandito Xoane da Estrada, contiguo ao de Xoane, aldea que, ao crecer e espallarse cara á devandita estrada moderna que ten ao seu carón, produciu o topónimo Xoane da Estrada.

Addenda

Despois de rematado este traballo atopamos en María Jesús Fernández Bascuas, compañeira de *Miscelánea* (*Miscelánea* núm. 2, páx. 58) que nun pleno do concello da Estrada de 26-8-1887 propónse que (transcrición da devandita investigadora): “*con el fin de que las calles de la población se conserven con la limpieza debida y evitar focos de infección que suelen observarse con los depósitos de estiércoles y materias pútridas en las avenidas [o subliñado é noso] y otros puntos de esta Villa, se acuerda: que se ponga en subasta el aprovechamiento de dicha limpieza [...] Que la alcaldía obligue a Francisco Bouzón y Manuel Durán a que pongan sus casas y terreno del frente en iguales condiciones a los demás según el ornato público exige [estes dous veciños debían seguir estrando con estrume o anaco de camiño que pasaba fronte ás súas casas]*”.

No mesmo pleno celebrado en 26-8-1887 a corporación do concello da Estrada pídelle á Deputación que, ao seu paso pola daquela aldea-vila da Estrada (agora o texto non é transcrición directa do pleno): “*embaldose as rúas que atravesa a estrada [máis ben sería un camiño ou vere] de Vilapouca a Ponte Vea [o que, se se facer, constituiría o devandito paso de estrumeira ou estrada de estrume ao de calzada calzada de pedra]*”. Noticias documentais coas que damos por definitiva a explicación do topónimo pontevedrés A Estrada, en canto a se referir a un antigo camiño [podería ser mesmo un Camiño Real como no caso da Gudiña] que ao seu paso polas casas do lugar os veciños convertían nunha estrada de estrume (de aí A Estrada), logo, cando o topónimo xa estaba creado, conveniente e felizmente calcetada ou *embaldosada* con piso de pedra.

Fontes e bibliografía

- BARRIOCANAL LÓPEZ, Y., 2011. *O Camiño real de Castela a Santiago por Ourense, base de peregrinación*, Xunta de Galicia.
- CABEZA QUILES, F., 1992. “El caballo en las peregrinaciones a Compostela”, en *Galicia en Madrid*, núm. 3, julio-agosto de 1992.
- CABEZA QUILES, F., 1992. *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e os seu significado*, Edicións Xerais, Vigo.
- CABEZA QUILES, F., 2000. *Os nomes da terra. Topónimos galegos*, Editorial Toxosoutos, Noia.

- CABEZA QUILES, F., 2001. “Sobre o nome da Estrada”, en *A Estrada. Miscelánea histórica y cultural*, núm. 4. Fundación Cultural da Estrada, Museo do Pobo Estradense “Manuel Reimóndez Portela”.
- CABEZA QUILES, F., 2008. *Toponimia de Galicia*, Editorial Galaxia, Vigo.
- CABEZA QUILES, F., 2010. “Olives, un topónimo singular”, en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, núm. 13. Fundación Cultural da Estrada, Museo do Pobo Estradense “Manuel Reimóndez Portela”.
- CABEZA QUILES, F., 2011. “As pegadas xacobeas do concello da Estrada (I)”, en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, núm. 14. Fundación Cultural da Estrada, Museo do Pobo Estradense “Manuel Reimóndez Portela”.
- CABEZA QUILES, F., *A toponimia e a haxionimia galega dos camiños de peregrinos a Santiago* (inédito).
- CARRÉ ALVARELLOS, L., 1972. *Diccionario gallego-castellano*, Editorial Galaxia, Vigo.
- FERREIRA PRIEGUE, E., 1988. “Los caminos medievales de Galicia”, *Boletín Auriense*, anexo 9, Museo Arqueológico Provincial, Ourense.
- GARCÍA ARIAS, X. LL., 2005. *Toponimia asturiana. El porqué de los nombres de nuestros pueblos*, Editorial Prensa Asturiana, La Nueva España, Oviedo.
- Grandes lugares*, 2013, serie documental da TVG.
- MARTÍNEZ OCA, X. M., 2000. *Dos camiños de arrieiros ós pazos da Ulla. Terra de Montes*. Promocións Culturais Galegas, A Nosa Terra.
- P. SARMIENTO, 1970. *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J. L. Pensado, Universidad de Salamanca.
- PENSADO, J. L., 1999. “Estudio Preliminar”, en P. Sarmiento, *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, t. 2. Edición y estudio por J. L. Pensado, Fundación Barrié de la Maza.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, E., 1980, (reed.), *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, t. 2, Editorial Galaxia, Vigo.
- ROZADOS “ROCHI”, F., 2010. “O Vreeiro por Terra de Montes e Tabeirós. Comercio e Peregrinaxe”, en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, num. 13. Fundación Cultural da Estrada, Museo do Pobo Estradense “Manuel Reimóndez Portela”.
- VEDÍA, E. De, 1845, (edic. facsím.), *Historia y descripción de la ciudad de La Coruña*, Instituto “José Cornide” de Estudios Coruñeses, A Coruña.
- www.pampilhosaemimagens.com